



Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA

AO PLENO DA CORPORACIÓN

María García Gómez, voceira do grupo municipal da Marea Atlántica, ao abeiro do disposto no Regulamento Orgánico Municipal (ROM) do Concello da Coruña, presenta a seguinte **EMENDA Á MOCIÓN PARA FREAR A PROLIFERACIÓN DAS CASAS DE APOSTAS** presentada pola concelleira non adscrita Isabel Faraldo Calvo para o seu debate polo Pleno da Corporación.

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN

Proponse substituír a proposta de acordo na súa integridade pola seguinte:

- 1.- Instar ao Goberno do Estado a facer cumprir, no exercicio das súas competencias, o disposto no Real Decreto 958/2020, de 3 de novembro, de comunicacións comerciais das actividades do xogo, así como a profundizar no camiño aberto por esta nova regulación atendendo as insuficiencias sinaladas polas entidades sociais que combaten a ludopatía e as asociacións de consumidores e consumidoras.
- 2.- Instar ao Goberno autonómico e aos grupos con representación no Parlamento de Galicia a reverter os beneficios fiscais para casinos, bingos e casas de apostas incluídos na lei de acompañamento aos Orzamentos da Xunta de Galicia para 2021.
- 3.- Instar ao Goberno autonómico e aos grupos con representación no Parlamento de Galicia a endurecer a regulación do sector no trámite parlamentario da futura Lei do Xogo de Galicia, cuxo anteproxecto foi aprobado pola Comisión do Xogo no pasado mes de decembro, e a facelo por consenso e coa colaboración das organizacións sociais de referencia.
- 4.- Instar ao goberno local a impulsar a suspensión do procedemento de concesión de licenzas para este tipo de establecementos, a fin de

abordar unha modificación puntual da normativa urbanística do PXOM e introducir as máximas limitacións posibles á implantación de locais nas inmediacións de espazos frecuentados pola infancia, a adolescencia e a mocidade, como os centros educativos, culturais, deportivos, etc.

5.- Instar ao goberno local a revisar e ampliar o alcance da normativa propia en materia de publicidade exterior e uso e aproveitamento do espazo público, a fin de impedir a promoción dos xogos de azar entre os colectivos máis vulnerables, e a prohibir que esta clase de actividades e hábitos se difundan a través de medios municipais ou dependentes do Concello.

6.- Instar ao goberno local a manter e ampliar as actividades preventivas de formación, reforzar o financiamento das entidades que loitan contra a ludopatía e traballan para a rehabilitación das persoas que a padecen e a afondar en modelos de lecer saudable a través de equipamentos xestionados directamente pola mocidade, como é o caso das Naves do Metrosidero.

7.- Instar ao goberno local a reforzar a formación da Policía Local e a dotala de medios suficientes para que poida colaborar tanto en labores de prevención como no control do cumprimento da normativa.

8.- Instar ao Goberno do Estado e á Xunta de Galicia a realizar un estudo rigoroso sobre os datos relativos a esta adicción, en colaboración coas entidades que traballan coa ludopatía, e sobre os custos asociados á rehabilitación das persoas que a padecen.

9.- Trasladar este acordo aos gobernos do Estado e a Xunta de Galicia, así como aos grupos con representación no Parlamento de Galicia.

A Coruña, 13 de xaneiro de 2021



María García Gómez

Voceira do Grupo Municipal da Marea Atlántica